

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE NOVEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 7 de novembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 4 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 2b e 3b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa o único licitador presentado a este procedemento, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. nos lotes 2 "Control financeiro de subvencións" e 3 "Auditoría fundacións" por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Tendo en conta que non se presentou ningunha proposición aos lotes 1 e 4 a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta:



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 18 de outubro de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 4 de novembro.

Terceiro.- Unha vez aberta a única proposición presentada a este procedemento, a Mesa de Contratación, na sesión do 7 de novembro de 2019, comprobou que o único licitador presentado se presentou aos lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría fundacións”, polo que non se presentou proposición ningunha aos lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición aos lotes 1 e 4 deste procedemento, tal e como se comprobou pola Mesa de Contratación coa apertura da única proposición presentada, cómpre declarar deserta esta licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:08	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4H-E5CH8F-5H3289-7XA28M-TLNBBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) por non terse presentado ningunha proposición”.

b) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

A secretaria comunica aos membros da Mesa o único licitador presentado a este procedemento, CARROFESTA, S.L., segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a CARROFESTA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido. O referido sobre contén un único arquivo de 52 páxinas.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:08	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4H-E5CH8F-5H3289-7XA28M-TLNBBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) (resolución nº 239/2019 TACGAL)

Dáse conta da resolución nº 239/2019 (recurso nº 254/2019) do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso interposto por EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A. contra os acordos de exclusión da súa oferta e de adxudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 31 de outubro de 2019.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) (Resolución nº 242/2019 TACGAL)

Dáse conta da resolución nº 242/2019 (recurso nº 260/2019) do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se inadmite o recurso interposto pola ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DE VIGO HISTÓRICO, D^a. ANA MARÍA DOVAL CRESPO, a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO EN RÚA ELDUAYEN nº 22 de VIGO, e AULA D, ESCOLA DE INTERIORISMO C.B. contra o acordo de adxudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 31 de outubro de 2019.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:08	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4H-E5CH8F-5H3289-7XA28M-TLNBBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		